

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

10952 *Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o procedemento para a contratación e formalización de operacións de crédito que se celebrarán co Banco Europeo de Investimentos coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais.*

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, regula no seu título IV o Tesouro Público, a débeda do Estado e as operacións financeiras; en concreto, establece no seu artigo 98.1 que lle corresponde ao ministro de Economía autorizar as operacións relativas á débeda do Estado, entre elas as operacións de crédito, así como establecer os procedementos que hai que seguir para a súa contratación e formalización.

Actualmente, o artigo 9.2 c) da Orde ECC/1695/2012, do 27 de xullo, de delegación de competencias, delega no titular da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira as competencias concedidas ao ministro no citado artigo 98, entre elas a de concertación de préstamos ou de liñas de crédito.

A contratación e formalización de operacións de crédito que se realizarán co Banco Europeo de Investimentos coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais require o establecemento dun procedemento interno que permita asegurar a coherencia da concertación deste tipo de operacións de crédito coa programación económica e orzamentaria xeral.

De acordo coa distribución de funcións na actual estrutura departamental, este tipo de operacións debe ser sometido a informe dos ministerios de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións Públicas.

Así mesmo, conforme o disposto no Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008 polo que son instruídos os departamentos ministeriais sobre as materias que deberán ser obxecto de exame pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e se adoptan instrucións para a tramitación de asuntos, será necesario que esta comisión aprobe o proxecto.

En ningún caso a contratación e formalización de operacións de crédito que se puidesen realizar co Banco Europeo de Investimentos conforme o procedemento que prevé esta orde ministerial deberían dar lugar a dotacións adicionais nos orzamentos dos correspondentes departamentos ministeriais; polo tanto, deberán preverse os recursos necesarios para a súa execución dentro da envolvente orzamentaria fixada para os departamentos afectados e, por outra banda, o proceso de elaboración de orzamento e a dita execución deberán obedecer a normativa aplicable con carácter xeral.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento interno para a contratación e formalización de operacións de crédito que se realizarán co Banco Europeo de Investimentos coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais.

Artigo 2. *Inicio do procedemento.*

1. Os departamentos ministeriais interesados na obtención de financiamento do Banco Europeo de Investimentos para algún proxecto da súa competencia deberanlle comunicar á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a súa intención de iniciar negociacións formais coa citada entidade.

2. Á dita comunicación deberase xuntar un informe que versará sobre o obxecto do proxecto, o seu importe, a parte deste que eventualmente vaia ser financiada polo Banco Europeo de Investimentos e as condicións financeiras indicativas da operación, así como un informe emitido pola oficina orzamentaria sobre a incidencia do proxecto presentado no orzamento do departamento, a súa viabilidade e, se é o caso, acerca da súa conformidade co artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 3. *Emisión de informes.*

1. Unha vez recibida a comunicación a que se refire o artigo anterior, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira emitirá un informe relativo ás vantaxes que as condicións financeiras da operación de crédito supoñen respecto da emisión de títulos de débeda do Estado.

2. Unha vez recibido o informe da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira polo departamento ministerial interesado, este remitiralle as actuacións ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, co obxecto de que emita informe sobre a repercusión orzamentaria do proxecto tanto no exercicio actual como nos sucesivos.

Artigo 4. *Elevación á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.*

O proxecto xunto cos informes que preceptivamente debe solicitar o departamento ministerial interesado conforme os artigos anteriores será elevado por aquel á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para a súa eventual aprobación.

Artigo 5. *Formalización da operación.*

Aprobada a operación pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a formalización e sinatura do préstamo corresponderanlle ao ministro de Economía e Competitividade.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de outubro de 2013. O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.